

Ponteareas, 30 de abril de 2020

Colgadas xa na web do Concello as bases das axudas aos negocios de Ponteareas

O goberno de Ponteareas (BNG-PSOE) informa que xa están colgadas as bases para a concesión das axudas económicas aos negocios do concello de Ponteareas afectados pola declaración do estado de alarma polo COVID-19.

Na páxina web do Concello, no botón **“Axudas directas COVID-19”** ou premendo directamente nesta ligazón, os e as interesadas poderán acceder ás bases e anexos desta axuda directa <https://ponteareas.gal/axudas-directas/>

Deberán solicitarse de forma telemática a través da sede electrónica do Concello a partir do **martes día 5 ás oito da mañá** (xa que serán publicadas as bases no Boletín Oficial da Provincia o luns día 4 de maio). Todas as persoas que o precisen poderán informarse no correo electrónico axudadirecta@ponteareas.gal ou telefónicamente de luns a venres de 9 a 14 horas no número de teléfono **687 209 961**.